

**A-EXCURSIÓN XERAL:**

Como está indicado, o domingo, día 24/xullo, imos levar a cabo esta excursión, a PORTUGAL, con arreglo ao seguinte PROGRAMA:

Sairemos de Baión (paradas de costume) ás OITO e MEDIA da mañá e seguidamente, a primeira parada que faremos será no fermoso pobo de CAMIÑA; logo, seguiremos viaxe e disfrutaremos no pobo turístico de VILA PRAIA DE ÁNCORA da súa famosa PRAIA, das mais importantes do norte de Portugal. Logo xa, hacia a fronteira, faremos o xantar nun parque, con xogos para nenos ao lado do río Miño, no típico pobo de Vilanova de Cerveira.

Pola tarde, despois de comer, faremos unha paradiña en Valença (na FORTALEZA), por si alguén desexa mercar algunha cousa e logo, dirixirémonos. xa en Tui, ao parque ALOIA, esta maravilla da natureza, con restos de muralla e poblado romano, e unha riqueza impresionante en especies de flora e fauna; é unha fermosa atalaia, dende a que se divisa unha paisaxe extraordinaria; aquí, merendaremos e regresaremos a Baión.

**O importe da viaxe-que será abonada no momento de inscribirse-é de 10 euros/adultos e 5euros, os rapaces menores de 16 anos; os rapaces que participan nas actividades da Asociación (Coral, rondalla, danza, teatro, etc.) viaxarán gratis.**

Polo tanto, si desexas participar nesta interesante excursión, cubre o impreso abaixo indicado e entrégallelo ao vocal de zona; prazo ata o martes, día 19/xullo.

**B-CARNETS FITOSANITARIO:**

Comunícase a todas aquelas persoas que obtiveron o carnet de manipulación de produtos fitosanitarios, na última convocatoria, que os devanditos CARNETS serán entregados o vindeiro MARTES, 19, ás 9, no local social do Carballo.

Sen outro particular, un saúdo

A XUNTA DIRECTIVA

CORTA POR AQUÍ E ENTREGA AO VOCAL DE ZONA

Asociación Cultural " O Castro"

**EXCURSIÓN A PORTUGAL O 24/XULLO**

**PARTICIPANTES**

---

---

---

---

---

..... a ...../xullo/2011

Firma,